



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 1/2018 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 1 DE FEBREIRO DE 2018

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTAS ANTERIORES

I.2.- MODIFICACIÓN CRÉDITO N.º 3/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 60.000,00 €

I.3.- III PLAN DE DE BECAS MUNICIPAIS

I.4.- ACTUALIZACIÓN INVENTARIO VÍAS PÚBLICAS

I.5.- ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS

I.6.- FINANCIAMENTO DA NOVA BIBLIOTECA NIGRÁN

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.^a Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D.^a Liliana Silva Pequeño

- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorroto

- D. Miguel Alonso Fernández

- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data*: Xoves, 1 de febreiro de 2018
- *Lugar de celebración*: Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión*: Ordinario, ao aprazarse a esta data a correspondente ao mes de xaneiro
- *Convocatoria*: primeira
- *Hora de comezo*: 20:30
- *Hora de remate*: 23:10
- *Número legal de membros da Corporación*: 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución*: 17
- *Número membros non asistentes*: Ningún

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.

b) Outras incidencias: Antes de abrirse formalmente a sesión permitiuse a unha representante sindical do persoal da empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo dirixirse á Corporación para expoñer a problemática laboral que lles afecta e que pode desembocar nunha folga, convocada para o próximo día 12. Tamén interveñen os representantes dos grupos municipais para fixar a súa postura sobre a cuestión.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTAS ANTERIORES

As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de datas: 30 de novembro e 20 de decembro de 2017

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometidas á votación as actas das sesións do 30 de novembro de 2017 e 20 de decembro de 2017 quedan aprobadas cos votos a favor de 16 membros da Corporación e a abstención de D. Alberto Valverde Pérez, ausente nas referidas sesións.





I.2.- MODIFICACIÓN CRÉDITO N.º 3/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 60.000,00 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 24 de xaneiro de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o estado de execución, a día 18.01.2018, do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Considerando preciso incrementar en 60.000,00 euros o crédito asignado no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018 na aplicación orzamentaria destinada a "Atencións asistenciais: axuda a domicilio" para poder tramitar o expediente de contratación do servizo cuxo contrato administrativo está próximo a rematar.

Considerando minorable o crédito actualmente dispoñible en tres aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018, por importe total de 60.000,00 euros.

Visto o establecido no artigo 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como na base de execución 8ª do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Esta Alcaldía, proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 3/18 mediante transferencias de crédito por importe de 60.000,00 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2018 coa seguinte distribución:*

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
182312279901	Atencións asistenciais: axuda a domicilio	60.000,00
181712270000	Limpeza e mantemento de zonas verdes	-25.000,00
1892035200	Xuros de demora por sentencias xudiciais	-26.000,00
1893120600	Arrendamento aplicación informática xestión económica	-9.000,00

Segundo.- *Expór ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 3/18 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.*

Terceiro.- *Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación de crédito 3/18 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación*





legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica as razóns da proposta, vencellada á contratación do servizo de axuda no fogar.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Votarán a favor, porque vai permitir estender a cobertura do servizo e mellorar as condicións dos traballadores. A crítica é porque non se trouxo o orzamento en tempo e forma. Pide que non se quite diñeiro da partida de revisión de prezos de CESPA.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Esta vía non debe servir para incumprir a obriga de presentar os orzamentos. Votarán a favor, dada a natureza do servizo ao que se destina.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Tamén a favor, dado o carácter básico do servizo e a experiencia pasada sobre o que finalmente custou.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Había un compromiso nesta liña. Parece axeitado facelo así. Votará a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- III PLAN DE DE BECAS MUNICIPAIS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 25 de xaneiro de 2018, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía relativa ás bases da convocatoria do III Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán (formalizadas en documento con Código CSV: BN450818OE6FM96N):

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación de crise que estamos a vivir e que afecta tan directamente ao traballo, xerando uns índices de desemprego completamente inasumibles para o noso tecido social, é obxecto de especial atención por parte dos concellos e, dentro deles, por aquelas áreas





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

e/ou departamentos con competencias nos ámbitos de desenvolvemento local, formación, emprego por conta allea e/ou propia...

Neste marco, podemos sinalar que os recortes económicos que teñen sufrido as políticas activas de emprego (PAE), supoñen que dende esta administración local se estea a realizar un esforzo paralelo para aplicar medidas de mellora da empregabilidade enmarcadas dentro da Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo Extraordinario de Luxemburgo.

Atopándonos neste contexto, este goberno considera necesario continuar coa aplicación de accións que favorezan o acceso á formación e ao emprego para a nosa veciñanza, mediante a convocatoria do III Plan de Becas Municipal do concello de Nigrán.

Mediante este proxecto trátase de facilitar a adaptación das persoas desempregadas ao mercado laboral ampliando a súa experiencia e formación antes de incorporarse a un posto de traballo ordinario. Este goberno entende que a estrutura departamental do concello permitirá a varios/as becarios/as de distintas ramas administrativas e/ou técnicas, mellorar de xeito cuantitativo e cualitativo o seu perfil profesional, mediante a titorización por parte de persoal propio municipal das diferentes áreas de acción municipal, acadando así as persoas beneficiarias unha importante vantaxe competitiva á hora de optar ás distintas ofertas laborais existentes tanto na administración pública como na empresa privada.

As bases asinadas, teñen por obxecto a convocatoria do III Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán (PBM) orientado a que as persoas participantes adquiren cualidades valoradas polo entorno empresarial mellorando tanto as súas habilidades profesionais como personais, necesarias para desenvolver a súa carreira profesional en contextos como o actual, altamente competitivos e dotando aos beneficiarios/as das competencias e aptitudes necesaria para facilitar e mellorar a súa inserción no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desenvolvemento profesional nas distintas organizacións empresariais existentes.

Para a posta en marcha deste programa, con data 17/10/17 mediante providencia de Alcaldía, ordeouse á AEDL, como responsable administrativa do expediente a elaboración, sobre o modelo preexistente das anteriores convocatorias deste mesmo plan, das bases do III Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán.

O borrador final das bases, asinado con data do 24/11/17, foi analizado e aprobado de xeito previo para ser remitido á fiscalización por parte do Interventor Municipal que emitiu ao respecto con data 11/12/17 informe de reparos (Rfª T 221/17) que, a súa vez foi analizado e respostado mediante documento asinado por esta Alcaldía con data 13/12/17.

Partindo destes antecedentes, analizada a totalidade da documentación mencionada e, elaborada xa a proposta definitiva de bases de convocatoria, asinada con data 16/01/18, esta Alcaldía formula a seguinte:

PROPOSTA:

1. Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 217.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de





las Haciendas Locales, os reparos contidos no informe elaborado polo Interventor Municipal (Rfª.- 221/17), do día 11/12/17.

2. Aprobar as bases de convocatoria do III Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán, segundo documento asinado o 16/01/18 pola Alcaldía – Presidencia.

3. Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación, para levar dito expediente a correspondente aprobación plenaria."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Fai mención ás novidades sobre anos anteriores, por exemplo as titulacións. Refírese tamén ao procedemento previsto. Ofrece unha oportunidade de formación a xoves de Nigrán.

D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular: Felicita ao goberno por continuar a iniciativa emprendida na etapa anterior. Hai que mellorar a publicidade. Lembra que son becarios e que veñen a formarse. Votarán a favor.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están a favor se se fai ben. Non detectaron que sexan traballos encubertos, pero non cren que sexan axeitadas as referencias a determinadas titulacións superiores. Absteranse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Apoian a proposta pola oportunidade que ofrece aos novos titulados. Reprocha ao goberno que non levase adiante o convenio para apareladores que se tratou no Pleno. Pide que se retome aquel acordo coa FEGAMP.

D. Xavier Rodríguez Fernández, concelleiro do BNG: Mantén o sentido do voto emitido en ocasións anteriores, pola similitude que presentan cos postos de traballo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 14; PSOE, PP e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 3; Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- ACTUALIZACIÓN INVENTARIO VÍAS PÚBLICAS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 25 de xaneiro de 2018, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo UCN:





“Exposición de Motivos:

1.- Mediante sendos acuerdos plenarios del 27 de marzo de 1998 y 27 de maio de 1999, se aprobó la documentación acreditativa para la incorporación de determinadas vías municipales -que si bien inicialmente pudieran tener la condición de servidumbres de paso-, con el paso de los años han ido consolidándose al disponer incluso de los servicios públicos municipales de alumbrado público, agua, alcantarillado etc., adquiriendo en consecuencia, la condición de vías públicas municipales, e incorporadas al inventario municipal de bienes.

2.- Igualmente, en sesión plenaria celebrada el día 28 de marzo de 2012, se aprobó incorporar la citada documentación que únicamente figuraba en formato papel, también a soporte informático, tanto de fichas como planos, con el objeto de acreditar su inclusión en el referido inventario.

3.- Hay que tener en cuenta que durante éstos últimos veinte años no se ha actualizado el citado inventario con la incorporación de nuevas vías públicas, que con el paso del tiempo se han ido consolidando y que disponen también de servicios públicos (alumbrado, agua, alcantarillado, telecomunicaciones etc.), e incluso en algunos casos pavimentación.

4.- Esta circunstancia está generando múltiples problemas a los vecinos a la hora de gestionar licencias de construcción, dado que la falta de actualización e incorporación de estos viales al Inventario de Bienes, está planteando importantes dificultades en la gestión del planeamiento urbanístico municipal.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente,
ACUERDO:

ÚNICO.- Instar al Alcalde Presidente, para que ordene a que por los servicios técnicos municipales se actualice el citado inventario de vías públicas consolidadas, incorporando las fichas y planos tanto en soporte papel como en formato digital al actual Inventario municipal de Bienes.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Razo a iniciativa que presentou na Comisión. Ultimamente non se fixeron actualizacións. Hai quen non obtén licenza por esta causa. Tamén hai que revisar certos aspectos dos que xa están incluídos. Propón unha modificación no sentido de que se remate antes do 30 de outubro de 2018.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pensan que na documentación do PXOM xa debería haber información sobre isto. Se non se aproba o PXOM hai que abordar e cuestión e traela ao Pleno neste mandato.

Sr. Alcalde-Presidente: Comparte a necesidade de poñelo ao día. Falou cos técnicos e hai traballo adiantado. O equipo redactor do PXOM ten xa parte avanzada. Os técnicos municipais están dispostos a seguir con el. Apoian a moción.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están de acordo. Hai que resolver moitas cuestións xa que é un tema conflitivo. Tamén falta o inventario dos demais bens. Pide que se consigne partida para isto.





D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: É importante a opinión dos técnicos. Ao parecer están de acordo. Votará a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, co engadido de que os traballos deberán estar rematados antes do 30 de outubro de 2018.

I.5.- ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS

Previa declaración de Urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 25 de xaneiro de 2018, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo Nigrán Decide:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. O artigo 7 da Lei de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia, establece como competencias das entidades locais:

- a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo ao previsto na presente Lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.
- b) Adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade.
- c) Colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais.
- d) Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 de la Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de forma mais concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 y 23 da presente lei, contando para elo coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 da presente Lei, de acordo ao establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, de 5 de agosto, de Administración local de Galicia.
- e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das





redes viarias da súa titularidade, nos termos da presente Lei.

II. O artigo 21 da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia estipula: “Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter da presente lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao chan urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento. Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei. As distancias mediranse desde o límite do chan urbano ou núcleo rural, no seu caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o paramento das mesmas. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.”

Por outra parte, o punto 4 do artigo 20 da mesma lei determina: “As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.”
Compre destacar que a Disposición transitoria terceira da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que en tanto non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán de directa aplicación as obrigas derivadas do disposto no artigo 21.

II. Dentro das competencias dos Concellos está a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 331.1 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

No artigo 27 da Lei de emerxencias de Galicia establece que lle corresponde aos municipios de mais de 20.000 habitantes elaborar e aprobar o plan de emerxencia municipal, os plans de actuación municipais e, en xeral, calesquera outros instrumentos de planificación de protección civil no ámbito municipal.

Se ben en Nigrán non se supera os 20.000 habitantes empadroados, existen períodos, especialmente na época estival, na que se supera con creces dita poboación.

Ademais en Nigrán desenvólvense numerosas actividades para as que é necesario a elaboración de Plans de Autoprotección que deben estar integrados en Plans de ámbito superior.

III. Por todo o anteriormente mencionado o Grupo Municipal de Nigrán DECIDE considera que aínda que non existe unha obrigatoriedade legal, e convinte a elaboración dun Plan de Emerxencias Municipais e dun plan municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.





É por todo isto polo que o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE propón ao pleno de Nigrán a adopción dos seguinte acordos:

Primeiro. O pleno do Concello de Nigrán insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal a:

- Elabore un Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais.
- Elaborar un Plan de Emerxencias Municipal en Nigrán.
- Exercer as obrigas contempladas no apartado d do artigo 7 da Lei de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Presentou unha proposta que se xustifica na parte expositiva e que pasa a resumir. A experiencia demostra que cando se presentan as emerxencias non se pode improvisar. O Concello ten que tomar a iniciativa.

D.^a María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Esta é unha inquietude que xa a había no anterior goberno. Pensan que tamén se podería xestionar a través da Mancomunidade, que é a que ten o GES. Hai unha previsión dunha nova lei de incendios que vai simplificar isto.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Na comisión debateuse se a cuestión debería encargarse á Mancomunidade, pero considera que a moción é acertada, sen prexuízo dunha coordinación mancomunada. Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Na súa opinión é un instrumento fundamental. Mancomunalo melloraría a súa eficacia, porque permitiría mobilizar moitos máis recursos.

Sr. Alcalde-Presidente: Están a favor. Este plan propio non impide que haxa outro mancomunado ou que alí se coordinen os dos concellos.

Sr. Cuevas Raposo: Pensan que o ámbito axeitado é o municipal. Este sería un primeiro nivel necesario.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.





I.6.- FINANCIAMENTO DA NOVA BIBLIOTECA NIGRÁN

Dáse conta da proposición da Alcaldía de 29 de xaneiro de 2018, na que se indica que este asunto non puido tratarse na sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, porque as Bases da Deputación de Pontevedra reguladoras da concesión de préstamos sen xuros a municipios foron publicadas con posterioridade á referida sesión. A Alcaldía somete o asunto á previa a ratificación da súa inclusión na orde do día.

Votación e acordo sobre a ratificación da inclusión do asunto na Orde do Día (art. 82.3 do ROF): Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Deliberación- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica as razóns de traelo por esta vía, tendo en contas as datas das convocatorias. Propón retirar o primeiro apartado para centrar a cuestión no tema dos préstamos.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Parécelle ben que se retire o asunto do convenio, porque falta un informe xurídico e determinar a quen corresponde a competencia.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: O convenio xa está asinado e van apoiar o financiamento. Os prazos están moi xustos. Faltan publicacións no BOP. A comisión creada para o asunto da biblioteca case non funcionou. Se se consegue este financiamento eles non se van opor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Está conforme coa supresión do punto primeiro. Un dos problemas é o dos prazos. Espera que se axilicen os trámites.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Esta iniciativa coincide cunha anterior proposta súa. Pide dilixencia. Votará a favor.

Votación e acordo sobre a proposición.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, retirado o apartado primeiro da parte dispositiva da proposición da Alcaldía, adopta o seguinte **ACORDO**:

Exptes. n.º 57/2017 e 08/2018 AEDL

ANTECEDENTES

No acordo plenario de 27 de abril de 2017 instábase ao goberno municipal e ao Alcalde a que levase a cabo a redacción do proxecto construtivo da nova biblioteca municipal e se estudasen as posibles vías de financiamento para executalo.

O Concello de Nigrán acolleuse ao previsto nas Bases reguladoras das subvencións para investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos, para concellos de menos de 20.000 habitantes, da Deputación de Pontevedra, (BOP 16/08/17), e solicitou a correspondente subvención para a nova biblioteca municipal de Nigrán

A Deputación Provincial de Pontevedra, mediante acordo de 24 de novembro de 2017, concedeu para este fin unha subvención de ata 1.479.620,18 euros (dun orzamento total cifrado en 1.849.525,23 € distribuída en tres anualidades susceptibles de reaxuste (2017-2019), indicando que “a *operatividade do acordo de concesión será efectivo a data da sinatura do correspondente convenio*”.

O día 3 de xaneiro de 2018 asinouse o correspondente convenio de colaboración coa Deputación Provincial, ascendendo o importe do cofinanzamento municipal á cantidade de 369.905,05€.

En relación coa achega municipal para este fin, hai que ter en conta o seguinte:

- Con data 25/01/18, a Deputación de Pontevedra publicou no BOP nº 18, as Bases reguladoras para a concesión, por concorrencia competitiva de préstamos sen xuros a municipios da provincia de Pontevedra – 2018.
- Estas bases teñen por obxecto regular, con carácter xeral, a concesión de préstamos a longo prazo sen xuros destinados a financiar os investimentos dos concellos que reúnan os requisitos e as condicións establecidos.
- Enténdese que o Concello de Nigrán reúne os requisitos previstos na Base Terceira “Beneficiarios” e que esta liña de préstamos sen xuros resulta ser unha axeitada vía de financiamento da achega municipal ao proxecto referido.

PARTE DISPOSITIVA DO ACORDO ADOPTADO:

1. Solicitar á Deputación un préstamo por 369.905,05 euros, cos compromisos e finalidades e nas condicións seguintes:

a) O devandito préstamo destinarase ó financiamento da seguinte actuación:

INVESTIMENTO E PLAN	ORZAMENTO	ACHEGA DA ENTIDADE LOCAL	PRÉSTAMO SOLICITADO
---------------------	-----------	--------------------------	---------------------





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Nova biblioteca municipal de Nigrán	1.849.525,23 €	369.905,05 €	369.905,05 €
-------------------------------------	----------------	--------------	--------------

Outras características para valorar o préstamo que se solicita (Base Novena):

- o Préstamo solicitado para o financiamento de investimentos incluídos nun convenio da Deputación,
 - o Investimento nun servizo público contemplado nos art. 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.
 - o Interese provincial: prima a creación de infraestruturas.
 - o Achega do Concello ó investimento: 20% mediante o presente préstamo.
- b) Este Concello comprométese a consignar nos seus orzamentos, nos exercicios nos que estea vixente o préstamo, a cantidade necesaria para proceder á súa amortización (agás as de operacións de tesourería).
- c) Este concello faculta expresamente á Deputación a reter e compensar calquera saldo que teñan ó seu favor con toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

